

REUNIÓN CO ALUMNADO A TRAVÉS DE WEBEX

1º Planificar a reunión:

- Abrir a aplicación de Cisco Webex.
- Pulsar sobre planificar.
- Indicar tema ou título.
- Establecer data, hora e duración.
- Cando se convoca aos alumnos non hai que poñer os correos electrónicos, ese campo pode quedar baleiro, a non ser que a convocatoria vaia ser por esa canle.
- Cambiar contrasinal por unha máis sinxela que os nenos poidan recordar e teclear facilmente.
- Pódense cambiar as características avanzadas pero non é preciso xa que a programación por defecto é suficiente para establecer a vídeo-conferencia.
- Pulsar sobre "iniciar"
- Aparecerán os datos da reunión. O número da reunión e o contrasinal serán os datos que hai que facilitar aos nenos.

2º Enviar as seguintes instrucións aos nenos (pódese facer a través do correo electrónico dos pais, abalarmóbil, Tokapp, aula virtual ou publicación na web do centro):

1. Escribe na barra de enderezos do navegador: eduxunta.webex.com
2. Abrirase unha ventá para descargar a aplicación. Pulsar sobre ela para descargala. Se non a ves podes atopala na carpeta de "Descargas". Se xa a tes descargada doutras veces pasa directamente ao punto 3.
3. Na pantalla aparecerá un espazo para introducir o número da reunión (.....) e o contrasinal (.....)
4. Escribe o nome de usuario (o teu nome) e este correo electrónico: nonresponder@edu.xunta.gal
5. Pulsa sobre "Unirse a la reunión"

Máis información na canle de Youtube de EspazoAbalar:

<https://youtu.be/WODx3Dy12rg> (profesorado organizador)

https://youtu.be/BU6_7ZfcDk (alumnado)